

PREGUNTAS FRECUENTES

- ✓ **Que é un Certificado de Profesionalidade?**

É unha acreditación oficial que certifica que a persoa que o posúe ten os coñecementos e as habilidades para desenvolver unha actividade laboral determinada, é dicir, está cualificada.

Un Certificado de Profesionalidade está constituído por bloques, denominados "Unidades de Competencia" (UC) e estas á súa vez poden organizarse para a súa aprendizaxe en "Módulos Formativos".
- ✓ **Para que serven os Certificados de Profesionalidade?**
 - Proporcionan unha acreditación laboral que asegura aos/ás empregadores/as que un traballador/a é competente na cualificación que acredita o certificado.
 - Acreditan unha cualificación determinada, logo facilitan a inserción laboral e a selección de persoal.
 - Favorecen a transparencia do mercado de traballo xa que mostran de xeito explícito que é o que sabe facer cada traballador/a.
 - Ao estar organizado por bloques, unidades de competencia, é posible establecer un itinerario personalizado de cualificación.
 - Posibilitan que a Administración educativa valide as unidades de competencia que coincidan cos títulos de Formación Profesional, de maneira que se facilita a consecución dun título regulado de Formación Profesional.
 - Facilitar a aprendizaxe permanente xa que se poden realizar pouco a pouco, por módulos formativos e unidades de competencia.
- ✓ **Onde ten validez?**

En todo o territorio nacional, independentemente da Comunidade Autónoma que o expida.
- ✓ **O Certificado de Profesionalidade é un título académico?**

Non, é unha acreditación laboral. O título de formación profesional expídeo a administración educativa.
- ✓ **Poderei validar o meu Certificado de Profesionalidade cun título de formación profesional?**

Títulos e certificados non son iguais e polo tanto non son directamente validables. Un título pode ter bloques (unidades de competencia) pertencentes a máis dun ou dous certificados e ademais adoita ter unha serie de coñecementos xerais que non se teñen en conta nos certificados. Por outra parte un certificado pode estar formado por unidades de competencia pertencentes a dous títulos.



- ✓ **Substitúen os Certificados de Profesionalidade aos distintos carnés profesionais?**
Non. Os Certificados de Profesionalidade acreditan que o/a traballador/a é competente na súa profesión; os carnés profesionais correspóndense coa regulación do exercicio profesional.
- ✓ **Podo obter un Certificado de Profesionalidade cos cursos que realicei?**
Ata a data, para saber se podes obter un Certificado de Profesionalidade por esta vía, terás que:
 - Realizar o itinerario completo dun Certificado de Profesionalidade vixente na Comunidade Autónoma. A formación tívose que realizar en cursos recollidos dentro do Plan de Formación e Inserción Profesional (FIP), do plan de Accións Formativas dirixidas prioritariamente a traballadores/as desempregados/as (AFD), ou en programas de Escolas Taller, Casas de Oficios e Talleres de Emprego, nunhas horas mínimas en función de cada ocupación.
 - Normativa: Disposición Transitoria Primeira do Rd 34/2008, polo que se regulan os Certificados de Profesionalidade.
- ✓ **Poderei obter o meu Certificado de Profesionalidade pola miña experiencia profesional?**
A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no artigo 8, que os certificados de profesionalidade acreditan as cualificacións profesionais correspondentes, e que o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral se acreditarán e avaliarán, parcial ou totalmente, coa finalidade de obter o título de formación profesional ou o certificado de profesionalidade correspondente.
No mesmo artigo 8 da citada Lei, no seu apartado 4, indícase que o Goberno, logo de consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, fixará os requisitos e procedementos para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, así como os seus efectos.
Con data do 25 de agosto de 2009, publicouse o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
Este Real decreto ten por obxecto establecer o procedemento e os requisitos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os efectos desa avaliación e acreditación de competencias, e ten alcance e validez en todo o territorio do Estado.

✓ **Onde podo ampliar a información?**

▪ **No Instituto Galego das Cualificacións**

Dirección Xeral de Formación e Colocación
Consellería de Traballo e Benestar Edificio administrativo San Lázaro
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 546 812 /981 546 807/ 981 546 840
Correo electrónico: igcualif@xunta.es

▪ **En calquera dos 3 centros de traballo da Confederación de Empresarios de La Coruña:**

Sede central

Praza Luis Seoane, torre 1, entreplanta
15008 A Coruña Teléfonos: 981 133 702 / 981 174 141
Fax: 981 132 598
Correo electrónico: cec@cec.es

Centro de Formación y Empleo

R/Francisco Vales Villamarín, 24
15006 A Coruña
Teléfono: 981 136 901
Fax: 981 133 843
Correo electrónico: formacion@cec.es

Delegación de Santiago de Compostela

R/Eduardo Pondal, 8
15702 Santiago Teléfono: 981 558 456
Fax: 981 562 914
Correo electrónico: cec@cec.es